



**Concello de Lugo**

**SOLICITUDE: INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO**

**MODELO 101**

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

**DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)**

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:			

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:	

**SOLICITA:**

**A INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO E A EMISIÓN DA CORRESPONDENTE CERTIFICACIÓN**

D.<sup>a</sup>/D. \_\_\_\_\_, maior de idade, con data de nacemento o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, en \_\_\_\_\_, co DOCUMENTO IDENTIFICATIVO n° \_\_\_\_\_, de nacionalidade \_\_\_\_\_, e con enderezo para o efecto de notificación \_\_\_\_\_, e co teléfono n° \_\_\_\_\_.

D.<sup>a</sup>/D. \_\_\_\_\_, maior de idade, con data de nacemento o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, en \_\_\_\_\_, co DOCUMENTO IDENTIFICATIVO n° \_\_\_\_\_, de nacionalidade \_\_\_\_\_, e con enderezo para o efecto de notificación \_\_\_\_\_, e co teléfono n° \_\_\_\_\_.

**EXPOÑEN:**

PRIMEIRO.- Que, dende o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, constitúen entre si unha unión de convivencia non matrimonial.

SEGUNDO.- Que fixan o seu domicilio en \_\_\_\_\_

**NOTA:** deberá achegar fotocopia do DOCUMENTO IDENTIFICATIVO de cada unha das persoas integrantes da parella.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANE**

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

**INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** Consultar na folla anexa a este impreso

**Segundo Resolución da alcaldía dictada o 28/06/2019 con numero N° 19005665 modificouse a regulación DO REXISTRO DE UNIÓNS DE FEITO DO CONCELLO DE LUGO. RESOLVO:**

**Primeiro.** Modificar o Decreto de Alcaldía do día 20 de outubro de 1999 relativo á creación e funcionamento do Rexistro de Unións de Feito, o cal quedará redactado do seguinte xeito:

“**PRIMEIRO.** O Rexistro de Unións de Feito no Concello de Lugo terá carácter administrativo e rexerá polo presente acordo e disposicións de desenvolvemento.

**SEGUNDO.** As normas de funcionamento deste Rexistro serán as seguintes:

**Artigo 1.** Poderán inscribirse no Rexistro as unións non matrimoniais de convivencia estable entre parellas, calquera que sexa a súa orientación sexual, que teñan o seu domicilio no Concello de Lugo.

**Artigo 2.** Serán requisitos para a inscrición no Rexistro os seguintes:

- a) Ser maiores de idade ou menores emancipados.
- b) Non ter unha relación de parentesco de consanguinidade ou adopción en liña recta ou colateral de segundo grado.
- c) Non estar incapacitados xudicialmente.
- d) Non ter vínculo matrimonial subsistente.
- e) Ser residentes no municipio de Lugo.

No caso de que un ou os dous integrantes da unión de feito sexa cidadán dun estado non membro da Unión Europea, deberá ademais incorporarse ao expediente un informe da Brigada de Estanxeiría da Policía Nacional que permita verificar a situación legal en España dos/as integrantes da unión ou, de ser o caso, a inexistencia de expediente de expulsión incoado en relación con algún deles/as.

**Artigo 3.** Poderán ser obxecto de inscrición no Rexistro os seguintes actos e declaracións:

- a) As declaracións de constitución, modificación e extinción das unións de feito.
- b) Os contratos civís reguladores das relacións persoais e patrimoniais das unións de

feito.

As inscricións referidas terán sempre carácter voluntario, pero para que poidan inscribirse as sinaladas na alínea b) será necesaria a inscrición previa no acto recollido na alínea a).

**Artigo 4.** A inscrición no Rexistro de unións de feito terá efectos declarativos sobre a constitución, modificación ou extinción das unións de feito, así como os contratos reguladores das relacións persoais e patrimoniais. A validez xurídica e os efectos dos mencionados contratos produciranse de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación, á marxe da súa inscrición no Rexistro.

**Artigo 5.** A publicidade do Rexistro quedará limitada exclusivamente a expedir certificacións do Rexistro, que serán expedidas a instancia de calquera dos integrantes da unión ou dos Xuices ou Tribunais de Xustiza.

**Artigo 6.** As inscricións solicitaranse por escrito, mediante instancia dirixida ao Excmo. Sr/a Alcalde ou Alcaldesa, conforme ao modelo que se xunta como anexo á presente resolución, á que deberá xuntarse a documentación acreditativa de que se reúnen os requisitos esixidos.

Unha vez presentada a solicitude, os interesados deberán comparecer, persoal e conxuntamente, na dependencia encargada do Rexistro co obxecto de ratificar a súa solicitude.

As inscricións relativas á extinción da unión de feito poderán efectuarse a instancia dun dos seus integrantes.

**Artigo 7.** O Concello poderá incoar de oficio expediente para a extinción da unión de feito no caso de que se acrediten fehacientemente algunha das seguintes circunstancias:

- A situación ilegal en España de un/unha ou os dous integrantes da unión ou, de ser o caso, a existencia de expediente de expulsión incoado en relación con algún deles/as.
- A inexistencia de convivencia real e efectiva con intención de manter unha relación de afectividade análoga á conxugal.

**Artigo 8.** As resolucións que se diten relativas a inscricións, modificacións ou extincións, así como as de inscricións de actos complementarios, adoptaranse no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal sen que se dictase, entenderase desestimada por silencio administrativo.

**Segundo.** Notificar a presente resolución ás dependencias municipais afectadas e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para o seu público coñecemento.

## **INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL**

Para os efectos previstos no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos* e conforme á *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

### **RESPONSABLE DO TRATAMENTO:**

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza Maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: [010@concellodelugo.org](mailto:010@concellodelugo.org)
- Contacto DPD: [dpd.lugo@seguridadinformacion.com](mailto:dpd.lugo@seguridadinformacion.com)

### **FINALIDADE:**

Tramitación da solicitude instada pola/o interesada/o

### **LEXITIMACIÓN:**

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, e atopa o seu fundamento na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

### **DESTINATARIOS:**

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes en dita materia. Non está prevista a comunicación de datos a terceiros alleos ao Concello nin a transferencia internacional dos mesmos.

### **DEREITOS:**

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratarse datos persoais que lles atinxan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente.

En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións:

- a) Que os datos sobre os que recae este dereito, fosen facilitados pola persoa interesada.
- b) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).